



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O FONDO GALEGO DE
COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, PARA A EXECUCIÓN DO
PROXECTO “20 ANOS A FONDO COA SOLIDARIEDADE”**

(1) A vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais e de especialización a educación para o desenvolvemento e o fortalecemento institucional dos axentes.

(2) Antecedentes:

Desde o ano 2000, a Xunta ven colaborando co Fondo Galego no ámbito da sensibilización e educación para o desenvolvemento, a través das sinaturas dos correspondentes convenios.

O importe total das subvencións concedidas pola Xunta ao Fondo Galego nos ámbitos de sensibilización e fortalecemento no período 2004-2016 foi de 601.620,00 €, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE SUBVENCIÓN XUNTA
2004	24.000,00 €
2005	30.000,00 €
2006	60.000,00 €
2007	62.000,00 €
2008-2009	125.620,00 €



(Convenio plurianual)	
2010	60.000,00 €
2011	60.000,00 €
2012	60.000,00 €
2014	40.000,00 €
2015	40.000,00 €
2016	40.000,00 €

(3) Finalidade

Co fin de dar continuidade ás actuacións de sensibilización previstas e ao fortalecemento da solidariedade municipalista galega a través das actuacións realizadas polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que é o órgano que agrupa a noventa Concellos e ás Deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra e que perseguen impulsar un maior compromiso de cooperación ao desenvolvemento das Entidades Locais, nun marco máis estable e permanente, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2017.

(4) O convenio ten por **obxecto** incrementar desde o local, a sensibilización da sociedade galega en torno ás desigualdades Norte- Sur. Isto farase a través de diferentes actividades que reforcen a rede organizativa – institucional do Fondo Galego, que incrementen o coñecemento e a solidariedade con pobos do Sur, con especial atención aos concellos do rural, mediante conferencias, seminarios, visitas aos países do Sur, neste ano a Mozambique, de persoal dos concellos galegos e visitas de persoal das municipalidades de Cabo Verde e Mozambique a Galicia, exposicións fotográficas así como actividades encamiñadas a mellorar a visibilidade da cooperación municipalista levadas a cabo polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

(5) A singularidade deste proxecto ven determinada, polas accións de fortalecemento da propia organización e as accións de sensibilización e concienciación que proxecta levar a cabo, dando continuidade ás liñas de traballo iniciadas nos anos anteriores, pola





propia natureza da entidade solicitante, creada co apoio da Federación Galega de Municipios e Provincias e da Administración Autonómica, e que actúa de canle coordinadora da actuación por parte do municipalismo galego neste ámbito da cooperación, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, así como a utilidade que a posta en marcha deste proxecto significa para a cooperación en todo o ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, é por elo a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 40.000 € (corenta mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.481.2.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017

A subdirectora xeral de Cooperación Exterior

Pilar Romero Rodríguez

